

Na Baña, a 26 de novembro de 2020, reunida a Comisión de Selección do Obradoiro de Emprego Dual "Máis2020", nomeada por decreto de Alcaldía nº 463/2020, do 16 de novembro de 2020:

1.- Advertido un erro na redacción das Bases para a selección do alumnado traballador e persoal directivo, docente e administrativo de apoio do Obradoiro de Emprego Dual "Máis2020" procédese á súa corrección:

Onde di:

"O Obradoiro de Emprego "MÁIS2020" é un programa mixto de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaioito ou máis anos de idade, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e promovido polo Concello da Baña e conveniado cos concellos de Val do Dubra, Negreira e Santa Comba",

debe figurar o seguinte:

"O Obradoiro de Emprego "MÁIS2020" é un programa mixto de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaioito ou máis anos de idade e promovido polo Concello da Baña e conveniado cos concellos de Val do Dubra, Negreira e Santa Comba".

2.- Segundo o punto 5 das Bases para a selección do alumnado traballador e persoal directivo, docente e administrativo de apoio do Obradoiro de Emprego Dual "Máis2020":

"A comisión de selección queda facultada para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso de selección e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso con arranxo ao sentido e contido das propias bases".

Dada a problemática para atopar mestres que impartan os certificados de profesionalidade aprobados no citado obradoiro, no ámbito dos concellos participantes, esta Comisión

ACORDA:

Que o ámbito da sondaxe realizada na entidade xestora correspondente siga a seguinte orde:

- Concellos participantes
- Concellos limítrofes pertencentes ás dúas entidades xestoras de Santiago de Compostela.
- Ámbito provincial.
- Ámbito autonómico.

A comisión de selección:

Presidenta

Mª Dolores Landeira Liñares
AEDL Concello da Baña

Secretaría

Luz Mª Vieito Díaz
Técnica administración Concello de Santa Comba

Vogais;

Sonia Ponte Esturao
AEDL Concello de Negreira

Ana Lucía Calviño Canedo
AEDL Concello de Val do Dubra

Suplentes:

Mónica Tomé Rey
Técnico de Información Xuvenil
Concello da Baña

Evaristo Lois Rama
Adxunto a secretaria do
Concello de Santa Comba

Sonia Nieto López
Orientadora Laboral Concello de Negreira

Mª del Carmen Noya Iglesias
Educatora Familiar do
Concello de Val do Dubra